

GUÍA
Turística

Moito por gozar





A Coruña, cidade acolledora, aberta ao mar inmediato e ao espírito viaxeiro.

Somos atlánticos, gústanos compartir, recibir, coñecer e mostrar os nosos tesouros culturais, patrimoniais, paisaxísticos e gastronómicos. E gústanos a diversidade, a pluralidade e a igualdade de oportunidades para gozar da vida, das viaxes e da xente á que coñecemos no camiño.

A Coruña ten moito que ensinar a quen viaxa e moito que descubrir, mesmo para quen aquí vivimos.

Vémonos na Coruña

GALICIA · ESPAÑA · EUROPA

Nesta guía presentámosche os nosos encantos turísticos. Ideas frescas para coñeceres mellor a cidade entretida: aloxamentos, transporte, museos, edificios históricos, xardíns, prazas, parques ou praias, rutas urbanas e eventos que pasan todos os anos.



A Coruña no mundo

GALICIA · ESPAÑA · EUROPA

A Coruña, situada na costa noroeste de España, é un importante porto comercial no océano Atlántico. O centro da cidade esténdese sobre unha península unida a terra firme por un estreito istmo con dúas fachadas marítimas: a portuaria, cara á ría da Coruña, e outra a mar aberto sobre a que se estenden as principais praias, Riazor e O Orzán.





A CORUÑA
feitos históricos

cronoloxía

Os acontecementos históricos moldearon a cidade da Coruña.

Época prerromana

Os ártabros poboaban as terras da área que hoxe coñecemos como Golfo Ártabro. O castro de Elviña é testemuño destes asentamentos prerromanos.

Ano 61 a. C.

Xulio César desembarca no “Gran Golfo dos Ártabros” preto da Coruña para obter estaño e ouro. Corenta anos máis tarde, as lexións de Augusto anexionan Gallaecia ao Imperio Romano.

Século I d. C.

Os romanos constrúen o faro coñecido como Torre de Hércules. Esta construción fala da importancia do comercio marítimo polas augas da Coruña.

1208

Afonso IX, rei de León e Galicia, ordena a refundación da vila de Faro outorgándolle Carta de Poboación, foros e privilexios. “Crunia” era unha parte da actual Cidade Vella e un arrabalde fronte ao porto.

1446

Xoán II outórgalle o título de cidade á vila autorizando o libre comercio con Inglaterra.

1520

Carlos I realiza Cortes na cidade e parte desde o seu porto para ser coroado emperador en Alemaña.

1522

Créase a Casa da Especiería na Coruña. Este feito supón un grande impulso económico pero converte á cidade en obxectivo de piratas e inimigos da coroa.

1587

Iníciase a construción do castelo defensivo de Santo Antón por orde de Carlos I.

1589

Tropas inglesas, baixo o mando do corsario Francis Drake, cercan e atacan A Coruña por encargo de Isabel I, raíña de Inglaterra. A heroína coruñesa María Pita lidera a defensa da cidade.

1778

Carlos III autoriza ao porto da Coruña para comerciar con América.

1788

Eustaquio Giannini inicia a gran reforma da Torre de Hércules. O proxecto conservou e realizou os restos romanos do monumento.

1809

Cae abatido o xeneral británico Sir John Moore na Batalla de Elviña, nos arredores da Coruña, unha das máis importantes e cruentas das libradas en Galicia durante a Guerra da Independencia.

Século XIX

A poboación medra e a cidade cambia a súa configuración urbana, mellóranse as vías de comunicación, constrúense edificios públicos na zona da Pescaría e a fábrica de tabacos na Palloza. En 1857 as cigarreiras se amotinan nos tellados da fábrica para reclamaren dereitos.

Nesta época sentan as bases da cidade moderna.

Século XX

A nova industria e os negocios de ultramar favorecen a ampliación da cidade co ensanche e as súas luxosas vivendas de estilos ecléctico e modernista. Coa expansión industrial adquire importancia o movemento sindicalista coruñés.

1936

O coruñés Santiago Casares Quiroga é nomeado presidente do Consello de Ministros. Como presidente, organiza o referendo sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia.

1986

Comezan as obras do paseo marítimo urbano máis grande de Europa.

2009

O 27 de xuño de 2009 a Torre de Hércules é declarada Patrimonio da Humanidade, por ser o único faro romano que aínda guía a navegación marítima. O Comité da Unesco destaca a exemplar restauración do s. XVIII.

Hoxe

Hoxe A Coruña é unha cidade aberta, alegre e dinámica. É porto de destino, cidade comercial e punta de lanza da gastronomía atlántica. É referente no mundo da moda e a cultura de aquí e de todo o mundo



Nos teus paseos pola cidade atoparaste con personaxes que che contarán quen e como somos, e axudará a descubrir a nosa verdadeira historia.

Caio Sevio Lupo


Natural de Coímbra

A Torre de Hércules é o único faro romano do que se coñece o nome do arquitecto. El mesmo encargouse de perpetuar o seu nome ao gravalo nunha inscrición votiva dedicada ao deus Marte Augusto e que se ve aos pés da construción.

Eustaquio Giannini

Badaxoz, 1750 - 1814

Enxeñeiro militar encargado de realizar, a finais do século XVIII, a modificación máis importante que sufriu a Torre. Giannini tamén deixou unha memoria en tinta sobre pedra como sinatura da restauración que converteu á torre nun faro moderno á altura da época.



María Pita

Sigrás, 1565 - 1643

En 1589 as tropas do corsario Francis Drake atacan a cidade por encargo de Isabel I, raíña de Inglaterra. No asalto morre o marido de María Pita. Ela, cargada de ira, arrebatou a bandeira inglesa dunha lanza e mata ao irmán de Francis Drake o berro de "Quen teña honra que me siga". María Pita e os 4.000 habitantes da cidade defendéronse ante 12.000 homes do exército inglés.

Casa Museo María Pita (1)

Ferrerías, 28, Cidade Vella
Espazo destinado á heroína coruñesa.

Sir John Moore

Glasgow, 1761 - A Coruña, 1809

Xeneral británico que dirixiu a retirada das tropas inglesas polo porto da Coruña na Guerra da Independencia. Faleceu na Batalla de Elviña.

Xardíns de San Carlos

Cidade Vella

Alí atópase a súa tumba.



Eusebio da Guarda

A Coruña, 1825 - París, 1897

Eusebio da Guarda, casado coa viúva dun navieiro, forma parte da nosa historia polo amor á cidade. O seu labor filantrópico queda reflectido no instituto que leva o seu nome, o antigo mercado coruñés da praza de Lugo e a reedificación da capela de Santo André.

Rosalía de Castro

Santiago, 1837 - Padrón, 1885

Poeta e novelista considerada a escritora galega máis importante de todos os tempos. Residiu na Cidade Vella co seu marido, o escritor Manuel Murguía.


Emilia Pardo Bazán

A Coruña, 1851 - Madrid, 1921

Condesa, escritora, feminista e moi coruñesa. Loitou polos dereitos e a educación das mulleres. Na súa novela La Tribuna, bautizou a nosa cidade co nome de Marinada.

Casa Museo Emilia Pardo Bazán (2)

Tabernas, 11-1º, Cidade Vella
Casa familiar da escritora e que alberga a sede da Real Academia Galega.



Picadillo

Santiago, 1874 - A Coruña, 1918

Don Manuel María Puga y Parga, **Picadillo**, dá nome ao concurso de tapas dos nosos setembros. Foi o alcalde en 1915 e 1917. Como gastrónomo, escribiu divertidos libros de receitas da cociña tradicional galega, reivindicando a cociña popular fronte aos aires afrancesados tan de moda nas mesas da alta sociedade neses tempos.

Pablo Picasso

Málaga, 1881 - Mougins, 1973

Vivió a súa infancia na Coruña. Chegou neno e marchou artista. Seu pai exerceu de profesor de debuxo no que hoxe é o Instituto Eusebio da Guarda

Casa Museo Picasso (3)

Paio Gómez, 14

Visita a casa na que viviu o pequeno Picasso.



Casares Quiroga

A Coruña, 1884 - París, 1950

Avogado, político, galeguista e presidente de goberno da Segunda República entre maio e xullo de 1936. Durante o seu goberno celebrouse o referendo sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Casa Museo Casares Quiroga (4)


Panadeiras, 12

Descobre a historia do republicanismo coruñés e galego.

Wenceslao Fernández Flórez

A Coruña, 1885 - Madrid, 1964

O escritor e xornalista, nacido na rúa Torreiro, está considerado un dos grandes humoristas das letras españolas do s. XX. Moitas das súas novelas foron levadas ao cinema, entre elas, *El Bosque Animado*.



Luis Seoane

Buenos Aires, 1910

A Coruña, 1979

Pintor, escritor e intelectual que, nos anos 70, revolucionou a arte e a historia de Galicia a través dos seus deseños para Cerámicas O Castro e Sargadelos. A Seoane atribúeselle a frase: "Los gallegos van a acabar conociendo su historia, aunque sea a base de comprar cacharriños, figuriñas..."

Fundación Luis Seoane (5)

San Francisco, 27

Poderás descubrir a súa traxectoria artística.

Elisa e Marcela

A Coruña de 1900

As mestras Elisa e Marcela casaron en 1901 na igrexa de San Xurxo da Coruña. Para levar a cabo o engano, Elisa adquiriu a personalidade de Mario, un primo falecido. A noticia publicouse en todos os xornais nacionais, e decidiron fuxir cruzando o Atlántico. Esta historia de amor e valentía é argumento cinematográfico dunha película de Isabel Coixet.



A CORUÑA

Os 10 imprescindibles



PRAZA MARÍA PITA
Esta praza porticada do século XIX alberga o Palacio Municipal e recibe o nome da heroína símbolo da nosa cidade.



CIDADE VELLA
Unha visita imprescindible pola historia da Coruña. As igrexas e as súas casas palacianas contaránche os segredos do noso pasado medieval e barroco.



GALERÍA DA MARIÑA - PORTO
A Coruña é coñecida polas súas fachadas de cristal. Na Mariña, fronte ao mar, as galerías alcanzan a súa máxima expresión. Baixo os seus soportais, encontramos restaurantes e cafetarías desde onde se contemplan as diversas embarcacións que atracan no porto.




PASEO MARÍTIMO - PRAIAS
Busca o teu lugar entre as cinco praias da cidade, dous quilómetros de area, un fantástico paseo marítimo e toda a esencia do Atlántico. Aproveita para gozar dos deportes acuáticos: surf, vela, etc.



CASTELO DE SANTO ANTÓN
Esta fortaleza do S. XVI funcionou como edificio defensivo, cárcere e lazareto. Hoxe en día, alberga o Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.



TORRE DE HÉRCULES E PARQUE ESCULTÓRICO
A Torre de Hércules, faro romano do s.I máis antigo do mundo e único en funcionamento. No ano 2009 foi declarada Patrimonio da Humanidade. A Torre está rodeada por un museo ao aire libre.



MUSEOS CIENTÍFICOS
O Aquarium Finisterrae, a Domus e a Casa das Ciencias son tres museos interactivos nos que a ciencia é exposta a través de estímulos e recursos que pretenden mellorar a comprensión do noso mundo fusionando ciencia e cultura.
(PUNTO 7C FÓRA DE FOTO AÉREA)



MONTE SAN PEDRO
Subir a este parque miradoiro é ver a cidade desde o aire e entender a nosa costa cunha panorámica de 360° ao Golfo Ártabro e á Costa da Morte.
(PUNTO 8 FÓRA DE FOTO AÉREA)



CORUÑA MODERNISTA
Pasear polas rúas máis céntricas e comerciais descubrindo a cidade de finais do século XIX e comezos do XX. Rúas en que conviven luxosas fachadas que combinan o sobrio estilo ecléctico coa modernidade herdada da Art Nouveau chegada da Europa.



COCIÑA ATLÁNTICA
A nosa cociña, o noso mar, Atlántico norte, calidade e materia. Rutas de tapas, tradición, inspiración e estrelas Michelin. Na mesa: horta, carnes, peixes, mariscos, sal mariño. Un océano de experiencias para perderse e gozar.



A Coruña imprescindible...

MARÍA PITA E CIDADE VELLA

AS GALERÍAS DA MARIÑA E PORTO

PASEO MARÍTIMO E PRAIAS

CASTELO DE SANTO ANTÓN

TORRE DE HÉRCULES

PARQUE ESCULTÓRICO

MUSEOS CIENTÍFICOS

MONTE DE SAN PEDRO

O MODERNISMO

COCIÑA ATLÁNTICA

... e ademais

PICASSO CORUÑÉS

O CAMIÑO INGLÉS

PROXIMIDADES



María Pita e...
**CIDADE
VELLA**



Nas oficinas de turismo da cidade tes á túa disposición unha guía específica da **Cidade Vella**.

Esta guía tamén se pode descargar en turismocoruna.com



A **Cidade Vella** é unha visita imprescindible pola historia da Coruña. Os nomes das súas rúas, as igrexas e as súas casas palacianas contaránche os segredos do noso pasado medieval e barroco.

Recomendámosche este paseo polas empedradas rúas que ocupan a antiga cidade, refundada en 1208 por orde de Afonso IX de León e Galicia, a beiras do bravo Atlántico Norte, no antigo asentamento romano de Crunia.



As galerías e o... **PORTO**



Nas oficinas de turismo da cidade tes á túa disposición unha guía específica de **Cruceiristas**.

Esta guía tamén se pode descargar en turismocoruna.com



As **Galerías** da fachada marítima que mira ao porto, xunto coa Torre de Hércules, son os nosos símbolos arquitectónicos indiscutibles.

As casas de galerías típicas nas avenidas Mariña e Montouto converten A Coruña nunha cidade única. O ambiente que se vive nas súas terrazas e a gran praza que mira ao mar próximo, vólvese cosmopolita coa chegada dos cruceiros que atracan no corazón da cidade.

Cada ano, preto de 200.000 persoas desembarcan na Coruña guiadas polo resplandor da Torre de Hércules.



Paseo marítimo e...
PRAIAS



A Coruña é Atlántico, é mar, é sal.

Busca o teu lugar entre as súas **5 praias** para relaxarte, bañarte ou practicar deportes náuticos como o surf ou a vela.

Percorre o **Paseo Marítimo** máis longo de Europa, cos seus máis de 13 km, mentres gozas da paisaxe e dos encantos que ofrece a cidade: o porto, os seus monumentos, o faro, as praias... todo a través dun paseo con esencia atlántica.





Castelo de **SANTO ANTÓN**

O museo alberga obxectos de ourivaría protohistórica, megalitismo, Idade de Bronce, cultura castrexa, romanización e distintos aspectos da cidade.



Nunha bonita contorna, na entrada do porto da cidade, está situado o castelo de **Santo Antón**, unha fortaleza construída no s. XVI. Foi edificio defensivo, prisión e lazareto. Desde 1968 alberga o Museo Arqueolóxico e Histórico e é Monumento Histórico-Artístico desde 1994.

O museo expón pezas de enorme valor, que abarcan desde as orixes da civilización en Galicia ata a historia máis moderna da cidade e a súa provincia. Na túa visita atoparás un túnel do tempo por descubrir paseando polas antigas dependencias da fortaleza.



TORRE DE HÉRCULES

PATRIMONIO DA HUMANIDADE
..e as súas lendas



Nas oficinas de turismo da cidade tes á túa disposición unha guía específica de a **Torre de Hércules**.

Esta guía tamén se pode descargar en turismocoruna.com



Esta é a nosa torre, o noso símbolo. A súa silueta reflicte sobre o océano a personalidade atlántica de quen habita A Coruña. A **Torre de Hércules** é parte do noso patrimonio e, desde o ano 2009, tamén é Patrimonio da Humanidade.

É única, e é o faro máis antigo do mundo en funcionamento. Construída polos romanos no século I, orixinalmente era máis baixa, máis ancha e cunha rampla para subir o combustible que alimentaba a súa luz.

En 1788, Eustaquio Giannini inicia a súa gran reforma coa axuda de José Cornide, esta é a Torre que ves hoxe debuxada nos atardeceres da Coruña.



PARQUE ESCULTÓ- RICO

Torre de Hércules



Nas oficinas de turismo da cidade tes á túa disposición unha guía específica do **Parque Escultórico**.

Esta guía tamén se pode descargar en turismocoruna.com



Este **parque museo**, situado no Golfo Ártabro, esténdese pola península da Torre, Punta Herminia, O Acoroado e o Cabalo da Pragueira. As esculturas distribúense nun xogo de perspectivas moi suxestivo e en diálogo permanente co monumento. É un espazo formado por cantís, illotes, covas mariñas, que aquí chamamos “furnas”, e pequenas praias.

O Atlántico e os seus ventos, agresivos e iodados, moldean a paisaxe e deciden a flora e fauna do parque. As condicións son moi duras, só aptas para seres fortes, únicos e especiais. O que non te mata faite máis forte.

Vive o desafío entre a terra e o océano.

MUSEOS Científicos



Casa das Ciencias

Situada nun palacete dentro do Parque de Santa Margarida, conta cun planetario e tres plantas de exposicións.

Aquarium Finisterrae Casa dos Peixes

Ten por obxectivo promover o coñecemento do océano e educar actitudes de agarimo cara ao mar e a vida mariña.



Domus Casa do Home

O edificio, obra do arquitecto xaponés Arata Isozaki, ten máis de 150 módulos interactivos para divertirse e reflexionar sobre as características da especie humana.



A ciencia aberta a todos.

Museos interactivos.

Descubrir as tres casas que albergan o coñecemento máis profundo do mundo mariño, o ser humano e a ciencia.

Unha fusión de entretemento, tecnoloxía e diversión ao alcance de grandes e pequenos. Tres espazos únicos que convidan a unha experiencia interactiva e dinámica. Non o perdas.



Monte de
SAN PEDRO
o miradoiro

Cúpula Atlántica

É o único miradoiro cuberto de España de 360° con vistas á cidade e ao Océano Atlántico. Visita virtual á cidade e pantallas táctiles.



Ascensor Panorámico

Esfera acristalada que leva ao Monte de San Pedro. Desde o seu interior divísase a Torre de Hércules e a baía coruñesa.



A Coruña é unha cidade de costa, mariñeira, con recunchos que non só salpican os pés, senón que se afastan da area para ofrecer unha perspectiva propia da xeografía galega.

O **Monte de San Pedro** penétrase no Atlántico permitíndonos gozar do cadro máis panorámico que se poida ver da cidade. A súa privilexiada localización serviu para vixiar e defender a cidade, o calibre dos dous grandes canóns é proba diso. Alén da baía coruñesa, a Torre de Hércules saúdao a diario marcando os extremos da enseada do Orzán.

A natureza, a forza do vento e a inmensidade do mar son os tres ingredientes que nunca faltan na visita ao Monte de San Pedro. Gozarás dunhas vistas espectaculares que non te deixarán indiferente, non as perdas.




A Coruña e o
**MODER-
NISMO**



Nas oficinas de turismo da cidade tes á túa disposición unha guía específica do **Modernismo** na cidade.


Esta guía tamén se pode descargar en turismocoruna.com



Unha visita pola cidade de principios do século XX, nas zonas do Ensanche e A Pescaría. Rúas nas que conviven luxosas fachadas de dous estilos da época, o sobrio estilo ecléctico e a modernidade herdada do **Art Nouveau** chegado de Europa. Descubre como, en moitas ocasións, os arquitectos mesturaron ambos os estilos nas súas fachadas.

Pasear polas rúas máis comerciais da cidade, situadas entre as praias e o porto, falaranche de como é hoxe o día a día no centro da Coruña e como eran aqueles tempos do esplendor burgués.

Descubre A Coruña de onte e de hoxe.





**COCIÑA
ATLÁNTICA**
para compartir



Nas oficinas de turismo da cidade tes á túa disposición unha guía específica de **Gastronomía**.

Esta guía tamén se pode descargar en turismocoruna.com



A Coruña é Galicia e é Atlántico. Á hora de sentáreste nunha mesa ou arimáreste a unha boa barra, estas dúas palabras dino moi claro.

Na Coruña convive a cociña de tradición coa de vangarda, atoparás o que o teu padal che pida en cada momento.


Tapear, picar, compartir, saborear... aquí todo é posible. Estás nunha cidade que ama a rúa e adora a gastronomía. Xa o verás.

Convidámosche a gozar do noso. Aquí o mar é a nosa salsa. Goza, esta é a túa casa.



Casa Museo Picasso

Esta casa coruñesa, típica de finais do século XIX, foi a vivenda da familia. Na súa visita pódense ver as estancias onde pintaban el e o seu pai.



Crítica da primeira exposición de Picasso La Voz de Galicia (21-2-1895)



A finais do século XIX, a cidade acolheu e coidou dun neno chamado Pablo Ruiz, un pequeno con grandes calidades que anos máis tarde o levaría a rachar cos parámetros da arte contemporánea. A residencia da familia Ruiz Picasso aínda se pode visitar en pleno centro da cidade. O seu patriarca, profesor da Escola de Artes e Oficios, inculcou á súa familia o amor pola pintura.

Así é como o pequeno **Picasso** comezou a expresarse a través de debuxos e pinturas. A praia, a praza de touros, a Torre de Hércules, a mariña, os seus amigos ou os esmoleiros da rúa... toda escusa era boa para plasmala sobre calquera superficie.

A súa irmá pequena, Conchita, faleceu de difteria o mesmo ano que a familia decidiu marcharse. Unha parte do grande artista permanecerá na cidade para sempre. A cidade na que creceu, xogou e pintou é a mesma que vemos a día de hoxe servindo de inspiración a aqueles que a pasean.



CAMIÑO INGLÉS

o porto do camiño



Nas oficinas de turismo da cidade tes á túa disposición unha guía específica do **Camiño Inglés**.

Esta guía tamén se pode descargar en turismocoruna.com



Certas tradicións sinalan que o apóstolo Santiago o Maior predicou no extremo occidental da actual Galicia, considerada no s. I polos romanos a fin do mundo. No s. IX descubriuse nestas terras o que se considerou o seu sepulcro.

Este feito xerou un sorprendente fluxo medieval de peregrinos desde gran parte de Europa, orixinando a actual cidade de Santiago de Compostela e a súa catedral. Moitos chegaron por mar. Procedían da totalidade dos países atlánticos europeos, Polonia, Suecia, etc.

O seu destino era case sen excepción a cidade da Coruña, fundada en 1208. Elixíana pola súa proximidade a Santiago, apenas a 75 km, e polos servizos que o seu porto lles ofrecía.

Ao ser os ingleses os peregrinos máis numerosos, este itinerario coñeceu como Camiño Inglés. Nos anos noventa do s. XX recuperouse para os peregrinos. A Catedral de Santiago concede a compostela, o certificado da peregrinación, a quen o realice desde A Coruña.




MOI PRETO da Coruña



Nas oficinas de turismo da cidade tes á túa disposición unha guía específica das **Proximidades** da cidade.

Esta guía tamén se pode descargar en turismocoruna.com



Preto da cidade podes realizar atractivas visitas pola comarca das **Mariñas Coruñesas** acariñando as augas do **Golfo Ártabro**.

Quizais unha ruta seguindo a costa este da Ría da Coruña, en Oleiros, sen perder de vista a cidade, o porto e a Torre de Hércules.

Perdéreste no encanto das cidades medievais do cabaleiro Fernán Pérez de Andrade “O Boo”, **Betanzos** e **Pontedeume**. Sen deixares de descubrir monumentos e recunchos en Sada, Bergondo, Abegondo, Cambre, Carral ou Culleredo.

E como non, admirar o mar salvaxe das praias de Arteixo ata chegar á vila mariñeira de Caión, ás portas da temida **Costa da Morte**.



CULTURA

Cal é o teu Plan na Coruña?

DEPORTE

FESTA

GASTRONOMÍA

COMPRAS



CULTURA *aberta*

Tradición ou provocación, antigo ou novo, clásico ou contemporáneo. Teatros, salas de exposicións e galerías de arte crean espazos artísticos capaces de atraer as miradas e espertar a curiosidade. Prepárate para o espectáculo.

E como non, a cultura na rúa. Somos coruñeses, gústannos as prazas, as xentes, compartir.






DEPORTE

destino e meta


A Coruña é destino e meta para quen ama correr, os deportes náuticos, surf, a bicicleta e moitos máis.

Os nosos equipos de fútbol e hóckey, Dépor e Liceo, chegaron todo o máis alto conquistando títulos nacionais e internacionais.

No calendario de grandes eventos deportivos, a Bandeira de Traiñeiras da Coruña, o Torneo Internacional de fútbol Teresa Herrera, as carreiras C10, C21 ou C42, entre outros, son unha boa escusa para coñeceres A Coruña.



FESTA e mais festa



feb.

Entroido

En toda a cidade

Unha das festas máis destacadas da cidade é o Entroido. Eses días as rúas échense de xente disfrazada, os nosos "choqueiros", con ganas de pasalo ben e divertírense. O bulicio, as charangas e comparsas invaden as rúas e a festa está asegurada.



xuñ.

San Xoán

Praias e barrios da cidade

A noite de San Xoán é sen dúbida a festa por excelencia. Cada 23 de xuño A Coruña arde para anunciar a chegada do solsticio de verán. As rúas ilumináanse coas innumerables fogueiras e o cheiro a sardiña chega a todos os recunchos da cidade. Con moito orgullo podemos dicir que foi declarada en 2015 Festa de Interese Turístico Internacional.



ago.

Festas de María Pita

Toda a cidade

Ao longo do mes as festas enchen todos os barrios da cidade. Concertos, festivais, feira do libro, salón do cómic... Seguro que atopas o teu sitio entre as múltiples ofertas de lecer, cultura e entretemento.





COCINA para saborear



Lacónicas, Xornadas gastronómicas do lacón con grelos
Restaurantes da cidade
ENTROIDO (FEBREIRO-MARZO)
Febreiro é tempo de **Entroido Choqueiro** na Coruña. E non se entende esta festa sen lacoada. Así chamamos ao prato típico do mes máis friorento. Nestas xornadas gastronómicas, o lacón con grelos é o protagonista de distintos restaurantes e tascas, sen esquecermos da sopa, as orellas, as filloas e un bo tinto.



Bo en Boca, Xornadas gastronómicas de fusión
Hoteis da cidade
SEMANA SANTA
Unha innovadora proposta gastronómica que fusiona as cocinas das tres culturas máis influentes da historia do país: árabe, xudía e cristiá, organizadas por Hospesco (Asociación de Hospedaxe da Coruña) coa colaboración de Turismo da Coruña. Mestizaxe e innovación.



Sal, é o Festival sabores atlánticos A Coruña
O Parrote
XUÑO (BIENAL)
Evento gastronómico que recolle o espírito aberto, acoledor e cosmopolita da cidade. Experimentar e valorar a cocina atlántica e coruñesa. Divertirse, compartir, entender a vida. Este gastrofestival celebrou en 2018 a súa primeira edición cun cartel de excepción, showcookings e jam sessions de cocina atlántica, obradoiros e charlas, gastronetas, lecer infantil, música en vivo e doce chefs con Estrelas Michelin de España e Portugal. O Mercado da Colleita con produtores galegos completou esta cita imprescindible. festivalsal.es



San Xoán, fogueiras e sardiñas
Praias e barrios
XUÑO
A Coruña é sanxoaneira, por iso celebramos a chegada do verán ao grande. As praias énchense de fogueiras e os barrios máis coruñeses con miles de sardiñas: música, alegría, sardiñas asadas, broa e moito máis. Seguindo o aroma a brasa atoparás un lugar para saborear e gozar. Iso si, a media noite, achégate ás praias de Riazor e O Orzán para non perdéreste a falla e os fogos artificiais. Rito obrigado, ao alba, é lavar a cara con Auga de San Xoán, sete herbas milagrosas para espantares ás meigas.



Concurso de Tapas Picadillo
Bares e tascas da Coruña
SETEMBRO
O tapeo na Coruña é tradición, é gastronomía desenfadada e accesible. En setembro celébrase o Concurso de Tapas Picadillo. Máis de 15 edicións. Na web tapaspicadillo.es atoparás información sobre os participantes e tapas gañadoras... isto darache unha pista de como movéreste de tapas pola Coruña.



Boucatise, Festival de bocatas gourmet
Mercado de San Agustín
DECEMBRO
Se visitas a nosa cidade os primeiros días do mes de decembro, non podes perder Boucatise, o festival de bocadillos gourmet. Unha interesante experiencia gastronómica para gozares das creacións culinarias, en formato bocadillo, dos mellores establecementos da cidade. Unha cita gourmet, aberta a todos os públicos. Showcookings a cargo de destacados chefs, música e un espazo para os máis peques. boucatise.coruna.es

COMPRAS *moito onde elixir*

A Coruña é un referente no mundo da moda. Aquí naceu INDITEX, a gran firma de moda a nivel mundial.

Ao redor da praza de Lugo, Juan Flórez, Santo André e a rúa Real, as grandes firmas conviven co comercio local e tradicional xunto a encantadores locais de hostalaría, casas palacianas e grandes espazos para pasear e gozar. Atoparás de todo e máis. A decisión, á hora de elixir, está nas túas mans.

Pero non esquezas que estás nunha cidade de atractivos centros comerciais, Catro Camiños - Corte Inglés, Espacio Coruña e Marineda City son algunhas das túas alternativas.





CULTURA E LECER

CORUÑA CARD

Información práctica

VISITAS GUIADAS

ALOXAMENTOS

TRANSPORTE

OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA

TELÉFONOS DE INTERESE



TORRE DE HÉRCULES PATRIMONIO DA HUMANIDADE



Símbolo da Coruña e único faro romano no mundo en funcionamento.
Doutor Vázquez Iglesias, s/n.
15002 A Coruña
T (+34) 981 223 730
torredehercules@coruna.es
www.torredeherculesacoruna.es

3, 3A, 5

AQUARIUM FINISTERRAE CASA DOS PEIXES



Escenarios que convidan á fantasía e que desvelarán os segredos do **mundo submarino**.
Paseo Alcalde Francisco Vázquez, 34
15002 A Coruña
T (+34) 981 189 842
mc2coruna.org/aquarium

3, 3A, 11


CASA DAS CIENCIAS PLANETARIO



Dedicado á difusión da ciencia. No seu **Planetario** descubrirás os segredos do firmamento.
Parque de Santa Margarida, s/n
15005 A Coruña
T (+34) 981 189 844
mc2coruna.org/casa

6, 6A, 12, 20, 22

CASA MUSEO CASARES QUIROGA



Esta instalación ten como fin a promoción de iniciativas en recordo de Santiago Casares Quiroga e o **republicanismo coruñés** e galego.
Panadeiras, 12
15001 A Coruña
T (+34) 981 189 856
www.coruna.es

4, 5, 6, 6A, 7, 11, 20, 21

MUSEO DOS RELOXOS



Maxestuosos salóns do **Palacio Consistorial** que albergan unha interesante colección de reloxo dos séculos XVII ao XX.
Praza María Pita, 1
15001 A Coruña
T (+34) 981 184 226
www.coruna.es

1, 1A, 2, 2A, 3, 3A, 5, 7, 17, 23, 23A


DOMUS CASA DO HOME



Case 200 módulos interactivos dedicados ao ser humano onde está **prohibido non tocar**.
Ángel Rebollo, 91
15002 A Coruña
T (+34) 981 189 840
mc2coruna.org/domus

3, 3A, 4, 6, 6A, 7, 11, 17


MUSEO ARQUEOLÓXICO E HISTÓRICO CASTELO DE SANTO ANTÓN



Antiga fortaleza e prisión, ofrece un percorrido pola prehistoria, a cultura dos castros e a época romana da cidade e os seus arredores.
Paseo Alcalde Francisco Vázquez, 2
15001 A Coruña
T (+34) 981 189 850

1, 1A, 2, 2A, 3, 3A, 5, 7, 17, 23, 23A


CASA MUSEO MARÍA PITA



Muller de carácter e armas tomar. **Heroína coruñesa** que viviu nesta casa e defendeu valentemente a cidade contra os ataques ingleses.
Ferrerías, 28
15001 A Coruña
T (+34) 981 189 853

3, 3A, 5, 7, 17

CASA MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN



Antiga vivenda familiar da Condessa, precursora dos **dereitos das mulleres e o feminismo**, que fai especial fincapé na súa faceta literaria.
Tabernas, 11-1º
15001 A Coruña
T (+34) 981 207 308
www.casamuseoemiliapardobazan.org

1, 1A, 2, 2A, 3, 3A, 5, 7, 17, 23, 23A


MUSEO HISTÓRICO MILITAR DA CORUÑA



Fondos de pintura, escultura, e cerámica (séculos XVIII e XIX). Condecoracións, armas, uniformes e bandeiras.
Praza Carlos I, 1
15001 A Coruña
T (+34) 981 205 300
www.ejercito.mde.es/unidades/Madrid/ihym/Museos/coruna

1, 1A, 2, 2A, 3, 3A, 5, 7, 17, 23, 23A

MUSEO DE ARTE SACRO DA COLEXIATA



Magníficas mostras de ourivaría relixiosa dos séculos XVI ao XX.
Porta dos Ares, 23
15001 A Coruña
T (+34) 981 203 186

1, 1A, 2, 2A, 3, 3A, 5, 7, 17, 23, 23A

FUNDACIÓN LUIS SEOANE



Institución dedicada a difundir a obra do autor e promocionar as artes plásticas contemporáneas en Galicia.
Rúa San Francisco, 27
15001 A Coruña
T (+34) 981 216 015
www.fundacionluisseoane.gal

1, 1A, 2, 2A, 3, 3A, 5, 7, 17, 23, 23A

CENTRO SOCIOCULTURAL AFUNDACIÓN



Proxecto do arquitecto británico Nicholas Grimshaw. Achega unha obra vangardista á cidade. Exposicións, concertos, conferencias...
Cantón Grande, 8
15003 A Coruña
T (+34) 981 185 060
www.afundacion.org


1, 1A, 2, 2A, 3, 3A, 5, 7, 17, 23, 23A

CASA MUSEO PICASSO



Espazo que recrea a vida temperá dun dos artistas máis influentes da historia.
Paio Gómez, 14
15004 A Coruña
T (+34) 981 189 854
 3, 3A, 4, 5, 6, 6A, 7
11, 20, 21, 22, 24, UDC


MUSEO DE BELLAS ARTES



